



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES Plurilingüe Rafael Dieste

Ronda de Outeiro, nº 334

15011 A Coruña

Teléfono: 881960930

ies.rafael.dieste@edu.xunta.es

<http://centros.edu.xunta.es/iesrafaeldieste/>



PLAN DE ACOLLIDA

IES PLURILINGÜE RAFAEL DIESTE
CURSO 2020-2021



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES Plurilingüe Rafael Dieste

Ronda de Outeiro, nº 334

15011 A Coruña

Teléfono: 881960930

ies.rafael.dieste@edu.xunta.es

<http://centros.edu.xunta.es/iesrafaeldieste/>



PLAN DE ACOLLIDA

Nas Instrucións do 30 de xullo 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa establécense as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato coa finalidade de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019/2020. Para cumprir coas disposicións legais, o equipo directivo elabora o presente Programa de acollida que se desenvolverá nas dúas primeiras semanas do curso, previa presentación ao Consello Escolar do centro, e onde se recolle a organización de actividades globalizadas e se informa dos aspectos requiridos:

- a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Tras a súa elaboración, o equipo directivo procede á súa presentación no Consello Escolar extraordinario celebrado o día 21 de setembro de 2020.



a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do centro.

Para o acceso **ao recinto exterior** estarán abertas dúas portas, unha en Manuel Murguía e dúas na Ronda de Outeiro de 8.15 a 8.45 pola mañá e de 14:00 a 14.20 para a saída; de 16.15 a 16.45 para a entrada das tardes dos martes e de 18.00 a 18.20 para á saída. En ningún caso se permite o acceso peonil ao recinto polo portalón dos vehículos

Fóra dese horario a entrada será pola porta de Ronda de Outeiro, chamando ao timbre.

Os pais, nais e titores legais e outro persoal alleo ao centro accederán pola porta principal non coincidindo con entradas, saídas e recreos do alumnado e con previa cita, cando sexan requiridos polo centro.

No cadro seguinte reflíctense os accesos e horarios por cursos

Curso	Acceso ao recinto	Acceso ao edificio	Hora de entrada mañás	Hora de saída mañás	Hora de entrada tarde do martes	Hora de saída tarde do martes
1º eso	Ronda Outeiro dereita	Porta principal	8:25-8:30	14:05-14:10	16:25-16:30	18:05-18:10
2º eso	Manuel Murguía	Porta cafetería	8:25-8:30	14:05-14:10	16:25-16:30	18:05-18:10
3º eso	Ronda Outeiro dereita	Porta principal	8:20-8:25	14:10	16:20-16:25	18:10
4º eso	Ronda Outeiro esquerda	Porta Pistas	8:25-8:30	14:05-14:10	16:25-16:30	18:05-18:10
1º bac	Ronda Outeiro dereita	Porta Pistas	8:20-8:25	14:10	16:20-16:25	18:10
2º bac	Manuel Murguía	Porta cafetería	8:20-8:25	14:10	16:20-16:25	18:10

Como se pode observar, por cada porta acceden dous niveis. Como norma xeral, o nivel máis alto de cada porta accede antes e sae despois que o de menor nivel, de xeito que non se produzan tapóns nin aglomeracións nas escaleiras do edificio nas entradas e saídas.

O profesorado de Tecnoloxía e Educación Física, dada a súa localización no soto, poderá organizar entradas e saídas polos accesos deses andares cando exista coincidencia de clases xusto despois dunha entrada ou xusto antes dunha saída pode implicar



Outras normas a ter en conta:

Horarios de recreo	Saída (soarán dous timbres): <ul style="list-style-type: none">• 1º, 2º, 4º: 11:00 h• 3º ESO, 1º bac, 2º bac: 11:05 h
As saídas e entradas ao patio de recreo realizaranse polas portas asignadas para cada nivel	Entrada (soarán dous timbres): <ul style="list-style-type: none">• 1º, 2º, 4º: timbre e entrada 11:30 h – inicio clase 11:35h• 3º ESO, 1º bac, 2º bac: timbre de entrada e posterior inicio das clases 11:35h
Recreos	De xeito xeral todo o alumnado, <u>incluído o de bacharelato</u> , deberá saír ao recinto exterior do centro durante o tempo do recreo. Non está permitido permanecer no interior, agás para ir á cafetería, ou ao baño previa autorización do profesorado. Cando a meteoroloxía non o permita, o alumnado deberá quedar no interior do edificio, podendo ser preciso permanecer no interior das aulas se non se puidese garantir a distancia de seguridade nos espazos comúns.
Espazo de recreo (ver Anexo I)	Contemplanse zonas diferenciadas para cada nivel no patio exterior ou no interior do edificio segundo as circunstancias meteorolóxicas. Procurarase que o alumnado se manteña cos compañeiros do seu grupo e, preferiblemente, en grupos reducidos.
Gardas de entrada	Haberá persoal docente e non docente en cada porta de acceso ao edificio nas horas de entrada e saída.
Aulas	Non hai aula-materia, o alumnado terá unha aula de grupo onde recibirá a formación nas distintas disciplinas. Terá que desprazarse a outro espazo só nalgúns materias optativas. Neses casos daránselles normas de uso dos postos para manter a seguridade.
Acceso de nais, pais e representantes legais do alumnado e outras persoas alleas ao centro	Con carácter xeral, salvo razóns xustificadas ou por requirimento do centro, non se permite a entrada no centro educativo. Estableceranse horarios específicos de atención que non coincidan con horarios de circulación do alumnado polo centro.
Titorías	As reunións de titorías terán carácter non presencial e realizaranse por medios telemáticos ou telefónicos. Cando, a criterio do centro, sexa imprescindible realizar unha reunión presencial, esta terá lugar en espazos onde se cumpriran as normas de seguridade establecidas.
Biblioteca	Poderá funcionar cun 50% do seu aforo, e poderá ser empregada puntualmente como aula para grupos reducidos.
Uso de aseos	Restrínxese o aforo a dúas persoas
Circulación polo centro	Cada curso ten que circular polo edificio seguindo os



	percorridos que ten sinalizados no chan con marcas de diferentes cores para cada nivel e que están separadas a 1,5 m.
Taquillas do alumnado	Dada a imposibilidade de organizar un uso das taquillas que garanta a distancia de seguridade, este curso non se permitirá o seu uso, agás casos xustificadas (discapacidade temporal ou permanente, razóns médicas, etc.) que, tras a solicitude dos proxenitores, deberán ser autorizados pola dirección con informe previo dos titores.
Acceso á cafetería	O aforo estará limitado a un terzo e, en xeral, non se deberá permanecer nela máis que o tempo xusto para comprar. O alumnado formará unha ringleira de a un gardando a distancia de seguridade, deixando espazo suficiente para a saída. Para evitar aglomeracións, o alumnado de 1º e 2º eso terá prioridade entre as 11:00 e as 11:10, o alumnado de 3º e 4º entre as 11:10 e as 11:20 e o alumnado de bacharelato entre as 11:20 e as 11:30. Agás autorización expresa do profesorado ao cargo do alumnado ou do equipo directivo, non se poderá acceder á cafetería fóra do horario de recreo.
Normas de prevención e hixiene e protección	Contémplanse no apartado b) deste plan.

O incumprimento destas normas poderá ser sancionado polo profesorado, quen deberá reflectir a falta no parte de incidencias, constando como falta leve, agás en casos excepcionais de especial gravidade.

Como o alumnado ten que adquirir novos hábitos que implican o cambio da porta de acceso ao instituto, ruta que debe seguir para chegar á súa aula, horas de entradas e saídas, tempo de recreo, uso dos espazos comúns... sumado ao alumnado que se incorpora por primeira vez, fai necesario organizar dun xeito especial o primeiro día lectivo. Para evitar aglomeracións e confusións propias desa primeira xornada, a Consellería de Educación decidiu secuenciar o inicio de curso en tres días. Ao longo deses tres días, o alumnado incorporárase ao centro nos horarios que se recollen no seguinte cadro:

Data de inicio	Grupos	Zona de recepción	Hora de entrada	Hora de saída
	1º eso A	Porta lateral esquerda (pistas)	10:30 h	14:00h
	1º eso B	Porta principal		
	1º eso C	Porta lateral dereita (aparcamento)		
	1º eso D	Porta lateral esquerda (pistas)	10:45 h	14:00h
	1º eso E	Porta principal		



23/09/2020	2º eso A	Porta lateral dereita (aparcamento)	11:00 h	14:05h
	2º eso B	Porta lateral esquerda (pistas)		
	2º eso C	Porta principal		
	2º eso D	Porta lateral dereita (aparcamento)		
	2º eso E	Porta lateral esquerda (pistas)	11:15 h	14:10h
	1º bac A	Porta principal		
	1º bac B	Porta lateral dereita (aparcamento)	11:30 h	14:10h
	1º bac C	Porta lateral esquerda (pistas)		
1º bac D	Porta principal			

Data de inicio	Grupos	Zona de recepción	Hora de entrada	Hora de saída
24/09/2020	3º eso A	Porta lateral esquerda (pistas)	8:45 h	14:10h
	3º eso B	Porta principal		
	3º eso C	Porta lateral dereita (aparcamento)		
	3º eso D	Porta lateral esquerda (pistas)	9.00 h	14:10h
	2º bac A	Porta principal		
	2º bac B	Porta lateral dereita (aparcamento)	9:15 h	14:10h
	2º bac C	Porta lateral esquerda (pistas)		
	2º bac D	Porta principal		

Data de inicio	Grupos	Zona de recepción	Hora de entrada	Hora de saída
25/09/2020	4º eso A	Porta lateral esquerda (pistas)	8:45 h	14:05h
	4º eso B	Porta principal		
	4º eso C	Porta lateral dereita (aparcamento)		
	4º eso D	Porta lateral esquerda		



		(pistas)	9.00 h	14:05h
	4º bac E	Porta principal		

No primeiro día de clase, o alumnado será recibido polos seus titores/-as nas portas designadas e logo, mostrándolles os percorridos que deberán seguir diariamente para circular polo interior e exterior do edificio, acompañaranos ás aulas onde lles entregarán os horarios e outra documentación, ademais de informar das novas normas de organización e funcionamento. En coordinación cos titores, o equipo directivo pasará polas aulas para presentarse e, de ser o caso, achegar información complementaria. Rematado o tempo de presentación, os diferentes grupos cumprirán o horario establecido para a xornada.

b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

Prevención:

Tomando como referente as normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos establecidos neste centro son os seguintes:

- Evitar aglomeracións:
 - Espazar as entradas e saídas do alumnado: abríranse as tres portas de acceso ao edificio, por cada unha delas entrarán e saírán dous niveis, cada un deles en franxas espazadas de cinco minutos.
 - Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
 - Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.
 - Regular o acceso aos aseos.
- Equipo Covid:
 - Formado por tres docentes, encargados da coordinación das medidas e da comunicación entre a comunidade educativa e as autoridades sanitarias e educativas.
- Distancia social:
 - Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible, sempre respectando as instrucións da Consellería de Educación.
 - Evitar situacións de contacto físico.
- Responsabilidade individual:
 - O profesorado debe comprometerse a facer unha auto avaliación antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.



- As familias deben asinar unha “Declaración responsable” onde se comprometen a non enviar aos seus fillos/as ao instituto e mantelos en illamento preventivo domiciliario se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid-19: temperatura, presenza de tose seca, dificultade respiratoria, perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea. Para detectar eses síntomas haberá que realizar diariamente unha “Enquisa de Autoavaliación”. Tampouco poderán asistir ao centro se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a covid-19.
- Aula Covid: para illar ao alumnado que presente sintomatoloxía compatible coa Covid dentro do centro, ata que sexa recollido polos seus responsables.

Hixiene:

Neste apartado resúmense as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- Hixiene xeral do centro:
 - Reforzar o servizo de limpeza do centro.
 - Realizar desinfeccións dos aseos dúas veces por mañá.
 - Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
 - Establecer un control da ventilación correcta das aulas.
 - Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.
- Hixiene persoal:
 - Facer 5 limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.
 - Adquirir hábitos como tusir ou esberrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
 - Aprender a manipular correctamente as máscaras.
- Rutinas de responsabilidade individual:



- Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao seu uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel.
- Limpeza de elementos propios de traballo: cada profesor ou cada alumno ten uns elementos de uso persoal (bolígrafos, lapis...), ese material propio non debe ser prestado a terceiros e e ten que ser hixienizado asiduamente.
- Facilitar o labor do persoal de limpeza asumindo a responsabilidade individual no mantemento dos elementos comúns e dos propios.
- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:
 - Xel: en todas as aulas e espazos comúns.
 - Xabón: nos aseos.
 - Panos desbotables: en todas as aulas, e baños.

Protección:

- Uso de máscara:
 - Uso obrigatorio para toda comunidade educativa dentro e fóra do edificio, agás as excepcións contempladas nas disposición legais.
 - O alumnado debe traer unha máscara de reposto e un estoxo para gardala. Recoméndase que tamén traian un pequeno bote de xel para axilizar a hixiene (aínda que hai dispensador en todas as aulas, e nos accesos do edificio)

- Mamparas:

- Naquelas aulas onde non é posible manter unha distancia mínima de 1,5 m., haberá instaladas mamparas de protección entre os postos escolares que o requiran.

c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

Durante as dúas primeiras semanas de clase, tanto nas titorías como nas diferentes materias, o profesorado explicará como se vai desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe en caso dun escenario de ensino total ou parcialmente non presencial. Neste suposto cobra especial relevancia coñecer o funcionamento da aula virtual, polo que se desenvolverán, cando menos, os seguintes puntos:

- Acceso aos diferentes cursos / áreas da Aula Virtual nos que estea matriculado o alumnado.
- Organización da materia dentro da Aula.
- Envío de tarefas e mensaxes a través da aula virtual.
- Consulta de cualificacións e comentarios.

Outros aspectos que se tratará nas semanas iniciais serán:

- Xestión dunha conta de correo electrónico e funcionalidades básicas da conta.
- Realización dunha enquisa ás familias para coñecer a dispoñibilidade de recursos telemáticos e formación en caso de ter que afrontar un ensino non presencial.
- Recomendación ás familias para instalar a aplicación Abalarmóbil, xa que constitúe unha canle efectiva de comunicación entre o centro e as familias.
- Información sobre o servizo de mensaxería, empregado para comunicarse coas familias nos supostos de que teñan dificultades coa instalación e manexo de Abalarmóbil.
- Divulgación das vías para establecer contacto co centro.
 - Correo electrónico: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites co equipo directivo. A dirección empregada será a corporativa: ies.rafael.dieste@edu.xunta.gal
 - Teléfono: comunicación directa e inmediata no teléfono 881960930.
 - De ser o caso, correos de contacto co profesorado a través da páxina web.

d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades en grupo de acollida e cohesión.

- Considerando que o xeito de relacionarse en sociedade experimentou grandes cambios, cómpre ter en conta que ese feito repercute tamén nos centros de ensino e obriga a abordalo desde unha nova perspectiva. Neste curso hai que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico e a transmitir emocións sen mostrar as caras na súa totalidade.
- Traballarase o tratamento que reciben as persoas contaxiadas e insistirase en que estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación nin de rexeitamento social.
- Incidirase en aspectos como a difusión de bulos ou bromas relacionadas co virus. Hai que formar ao alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada.
- Transmitirlle ao alumnado que esta é unha situación transitoria e que o esforzo para afrontar as novas limitacións que vai atopar é unha maneira de contribuír a frear a expansión do virus e conseguir que todo isto acabe canto antes.
- Fomentar que o alumnado se exprese, transmita emocións e opinións, e que acheguen solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.